




2025

INFORME ANUAL

VIOLENCIAS SEXUAIS



XUNTA
DE GALICIA

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3
NOTA METODOLÓXICA	6
PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS.....	8
DATOS SOBRE VIOLENCIA SEXUAL EN GALICIA	10
COMPARATIVA COS DATOS DE VIOLENCIA SEXUAL EN ESPAÑA	21
DATOS SOBRE AS VIOLENCIAS SEXUAIS ATENDIDAS NOS CENTROS DE CRISE EN GALICIA.....	26
As violencias sexuais	26
Perfil das vítimas atendidas polos centros de crise.....	29
Perfil dos agresores	31
RECURSOS E SERVIZOS PARA A PREVENCIÓN E ATENCIÓN DA VIOLENCIA SEXUAL EN GALICIA.....	34
PREVENCIÓN E SENSIBILIZACIÓN	34
Accións de sensibilización no ámbito comunitario	34
Prevención no ámbito educativo e xuvenil	37
ATENCIÓN ESPECIALIZADA ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA SEXUAL	39
Atención integral especializada en violencia sexual	40
Recuperación psicolóxica e acompañamento especializado	40
Atención a vítimas con necesidades específicas	41
ATENCIÓN Á EXPLOTACIÓN SEXUAL E Á TRATA	42
Prevención e sensibilización	42
Atención integral	43
Recursos residenciais.....	44
Apoio económico	44
RECURSOS XUDICIAIS, FORENSES E DE APOIO AO PROCEDIMENTO	45
Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga)	45
GLOSARIO	48
BIBLIOGRAFÍA E FONTES UTILIZADAS	49

INTRODUCCIÓN

A **violencia sexual** comprende calquera acto de natureza sexual cometido sen o consentimento da vítima, incluíndo agresións, abusos, acoso, explotación sexual, trata con fins de explotación e outras formas de violencia baseadas no xénero. Estes delitos aféctanlles maioritariamente ás mulleres e ás nenas, aínda que tamén poden afectarlle a homes e menores, e teñen consecuencias devastadoras a nivel físico, psicolóxico e social.

O **Código Penal español** recolle a tipificación destes delitos no **Título VIII ("Delitos contra a liberdade e indemnidade sexuais")**, e establece que:

"Comete agresión sexual quen realizase calquera acto que atente contra a liberdade sexual doutra persoa sen o seu consentimento, empregando violencia, intimidación ou abuso de superioridade" (art. 178 do Código Penal).

A entrada en vigor da **Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual**, coñecida como a *Lei do Só Si é Si*, supuxo unha transformación profunda na tipificación dos delitos sexuais, ao eliminar a distinción entre abuso e agresión e establecer que o **consentimento** debe ser o elemento central para determinar a existencia dun delito:

"Só se entenderá que hai consentimento cando este se manifeste libremente mediante actos que, en atención ás circunstancias do caso, expresen de maneira clara a vontade da persoa." (art. 178.1 do Código Penal reformado pola LO 10/2022).

Para unificar os criterios de actuación tras esta reforma, a **Fiscalía Xeral do Estado** emitiu a **Circular 1/2023, do 29 de marzo**, que proporciona directrices claras na interpretación dos delitos contra a liberdade sexual e na aplicación das penas correspondentes. Esta circular ten como obxectivo unificar a interpretación e aplicación das novas disposicións legais, e garante unha resposta coherente e eficaz ante os delitos de violencia sexual. Un dos aspectos fundamentais que aborda é a importancia de aplicar unha **perspectiva de xénero** na análise e persecución destes delitos, ao recoñecer a súa raíz estrutural na desigualdade entre homes e mulleres.

Ademais, a circular proporciona directrices sobre a valoración do **consentimento**, que se sitúa no centro da nova regulación. Establece que só se entenderá que hai consentimento cando este se manifeste libremente mediante actos que expresen de maneira clara a vontade da persoa. Isto implica que calquera acto sexual sen consentimento explícito debe ser considerado agresión sexual, eliminando a anterior distinción entre abuso e agresión.

A **Lei orgánica 4/2023, do 27 de abril**, para a modificación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, nos delitos contra a liberdade sexual, a Lei de axuízamento criminal e a Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, introduciu modificacións adicionais para mellorar a protección dos menores fronte ás ameazas dixitais. Tamén penaliza novas formas de criminalidade como os *deepfakes* e o *grooming*, e incrementa a idade mínima para abrir unha conta en redes sociais de 14 a 16 anos.

No ámbito autonómico, a **Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero**, recoñece que a violencia sexual forma parte da violencia de xénero e establece medidas de protección específicas para as vítimas:

"Considéranse formas de violencia de xénero (entre outras) as seguintes:

d) Violencia sexual e abusos sexuais, que inclúen calquera acto de natureza sexual forzado polo agresor ou non consentida pola muller, e que abarcan a imposición, mediante a forza ou con intimidación, de relacións sexuais non consentidas, e o abuso sexual, con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella, afectiva ou de parentesco coa vítima.

e) Acoso sexual, que inclúe aquelas condutas consistentes na solicitude de favores de natureza sexual, para si ou para unha terceira persoa, nas que o suxeito activo se prevale dunha situación de superioridade laboral, docente ou análoga, co anuncio expreso ou tácito á muller de causarlle un mal relacionado coas expectativas que a vítima teña no ámbito da devandita relación, ou baixo a promesa dunha recompensa ou dun premio no ámbito desta.

f) A trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.

i) Calquera outra forma de violencia recollida nos tratados internacionais que lesione ou sexa susceptible de lesionar a dignidade, a integridade ou a liberdade das mulleres." (letras d), e), f) e i) do art. 3 da Lei 11/2007).

A violencia sexual constitúe unha grave vulneración dos dereitos fundamentais, ten consecuencias profundas na vida das vítimas e afecta a súa saúde física, psicolóxica, emocional e social, así como ao exercicio pleno da súa autonomía e liberdade. Trátase dun fenómeno complexo que require unha análise continuada que permita coñecer a súa dimensión, a súa evolución e as características coas que se manifesta no territorio.

Este informe anual sobre violencia sexual en Galicia recolle e analiza os datos oficiais dispoñibles sobre os delitos contra a liberdade sexual rexistrados na

comunidade autónoma, co propósito de ofrecer unha visión estruturada e actualizada da realidade das violencias sexuais. A través da presentación e interpretación da información estatística, preténdese achegar coñecemento sobre a evolución temporal deste fenómeno, identificar patróns de distribución e contribuír a unha mellor comprensión das distintas formas nas que se manifesta na sociedade galega.

Como novidade nesta edición, o informe incorpora por primeira vez datos procedentes dos centros de crise 24 horas para vítimas de violencia sexual postos en funcionamento en Galicia ao abeiro da Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual. Esta información permite ampliar o coñecemento dispoñible sobre as violencias sexuais máis aló dos datos de criminalidade e incorporar unha aproximación complementaria ás características das situacións atendidas, ás tipoloxías de violencia sexual, aos contextos nos que se producen e ao perfil das vítimas e das persoas agresoras. Cómpre ter en conta que estes datos se refiren exclusivamente ás persoas que acudiron aos centros de crise e, polo tanto, non representan o conxunto das vítimas de violencia sexual existentes en Galicia.

NOTA METODOLÓXICA

Os datos estatísticos incluídos neste informe proceden principalmente dos **Balances trimestrais de criminalidade** publicados periodicamente no **Portal Estatístico de Criminalidade do Ministerio do Interior**. Estes balances difúndense con carácter trimestral e recollen a evolución dos feitos coñecidos polas Forzas e Corpos de Seguridade en materia de criminalidade rexistrada segundo os distintos tipos penais.

Para os efectos deste informe, os datos anuais utilizados corresponden ao **Balance do cuarto trimestre**, que incorpora a información acumulada do conxunto do ano natural, isto é, do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de cada exercicio.

Adicionalmente, para a elaboración e revisión dos datos correspondentes ao ano 2024 empregouse tamén como fonte o informe ***Delitos contra la libertad sexual en España. 2024***, elaborado pola Dirección General de Coordinación y Estudios da Secretaría de Estado de Seguridad do Ministerio do Interior. Este documento incorpora datos consolidados e sometidos a procesos adicionais de depuración e validación estatística. En consecuencia, cómpre ter en conta que poden existir pequenas variacións entre os datos publicados nos balances trimestrais e os recollidos no informe anual específico sobre delitos contra a liberdade sexual, derivadas do proceso de consolidación da información, da actualización dos rexistros ou de axustes metodolóxicos realizados con posterioridade á publicación dos balances periódicos.

En canto á **definición das variables**, para a interpretación dos datos incluídos neste informe tómase como referencia o mesmo criterio dos **Balances trimestrais de criminalidade**, que adoptan o disposto na **Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual**.

Así, téñense en conta as seguintes tipoloxías de delito:

- Agresión sexual
- Agresión sexual con penetración
- Contacto con menores de 16 anos mediante tecnoloxía e con fins sexuais (*grooming*)
- Acoso sexual
- Exhibicionismo
- Provocación sexual
- Corrupción de menores / persoa con discapacidade
- Delitos relativos á prostitución
- Pornografía de menores

- Distribución / difusión pública mediante tecnoloxías dixitais (TD) de contidos que promovan delitos de prostitución ou contra a liberdade sexual de menores

Estes Balances trimestrais de criminalidade presentan a **información estatística agrupada segundo os distintos tipos penais rexistrados**. No ámbito dos delitos contra a liberdade sexual, estas publicacións ofrecen de forma desagregada unicamente os datos relativos ás **agresións sexuais con penetración**, mentres que o resto das condutas inclúense de maneira agregada na categoría **“resto de delitos contra a liberdade sexual”**, sen maior nivel de detalle sobre as distintas tipoloxías penais que a integran. Por este motivo, neste informe analízanse especificamente os datos correspondentes ás agresións sexuais con penetración e, de forma agregada, o conxunto restante de delitos contra a liberdade sexual, sen que sexa posible realizar unha análise desagregada doutras modalidades de delitos a partir desta fonte.

Os **datos procedentes dos centros de crise 24 horas** para vítimas de violencia sexual responden a unha lóxica distinta da empregada nas estatísticas oficiais de criminalidade. Mentres estas últimas contabilizan feitos coñecidos polas Forzas e Corpos de Seguridade e rexistrados conforme ás categorías penais correspondentes, os datos dos centros de crise refírense exclusivamente ás persoas atendidas no recurso. En consecuencia, poden incluír situacións de violencia sexual ocorridas en distintos momentos temporais, con independencia da existencia de denuncia ou procedemento xudicial, polo que non resultan directamente comparables cos datos de delitos rexistrados.


PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS

- En Galicia, no ano 2025 rexistráronse **835 delitos contra a liberdade sexual**. Tras a variación observada entre 2023 e 2024, os datos de 2025 sitúanse en valores semellantes aos acadados nos últimos anos.
- Por tipo de delito, obsérvase unha evolución diverxente: **as agresións sexuais con penetración continúan descendendo** (-8,9 %), pasando de 179 en 2024 a 163 en 2025, mentres que **o resto de delitos medran de forma significativa** (+10,0 %), actuando como principal motor do incremento global.
- Desde unha perspectiva temporal, os datos amosan unha **maior concentración de delitos nos meses centrais do ano**, especialmente no terceiro trimestre (xullo–setembro), seguido do segundo (abril–xuño), o que evidencia unha certa estacionalidade.
- As agresións sexuais con penetración representan no ano 2025 arredor do **19,5 % do total de delitos**, consolidando unha tendencia descendente iniciada en 2024 (22,7 %) e afastándose dos valores máis elevados rexistrados en 2023 (24,5 %).
- Por provincias, **Pontevedra** mantense como a provincia con **maior número de delitos**, con 336 casos **en 2025** (arredor do 40 % do total galego), seguida da Coruña, mentres que Lugo presenta as cifras máis baixas e unha evolución máis contida.
- A análise da **evolución no período 2016–2025** confirma unha tendencia estrutural ascendente, xa que os delitos contra a liberdade sexual **case se duplican en España** e medran arredor dun 92 % en Galicia, aínda que cun comportamento máis irregular neste último caso.
- No que respecta ao resto de delitos contra a liberdade sexual, o **incremento acumulado no período sitúase en torno ao 69 % en España e ao 70 % en Galicia**.
- En relación coa incidencia territorial, Galicia presenta unha **taxa de 3,08 delitos contra a liberdade sexual por cada 10 000 habitantes**, inferior á media estatal, situada en 4,41. Estes datos sitúan a comunidade autónoma como **a cuarta con menor taxa de delitos contra a liberdade sexual de España**.
- A análise territorial mostra que **Galicia** se sitúa entre as comunidades con **menor taxa de criminalidade sexual**, mentres que outras como Baleares, Navarra, Canarias, Ceuta ou Cataluña presentan valores máis elevados.
- Os datos apuntan a unha transformación na estrutura interna dos delitos, cun menor peso relativo das agresións con penetración e un maior protagonismo doutras formas de violencia sexual.

DATOS SOBRE VIOLENCIA SEXUAL EN GALICIA

Segundo os datos publicados no **Balance do cuarto trimestre do Portal Estatístico de Criminalidade do Ministerio do Interior**, que recolle a información acumulada do conxunto do ano, **en Galicia rexistráronse 835 delitos contra a liberdade sexual entre xaneiro e decembro de 2025**. A evolución da serie amosa que os valores dos últimos exercicios se manteñen en niveis semellantes aos rexistrados recentemente e claramente diferenciados dos observados ao inicio do período analizado.

GALICIA



Con relación á **evolución no último decenio**, desde o ano 2016 (primeira serie dispoñible no Portal de Criminalidade), obsérvase que a **tendencia** deste tipo de delitos foi **ascendente**, ao incrementarse arredor dun 92,4 % ata o ano 2025. A nivel interanual, mantense unha dinámica de crecemento sostido, cun incremento medio próximo ao 8,5 %, a pesar dos descensos rexistrados no ano 2020, como consecuencia da situación xerada pola pandemia da Covid-19 (-14 %), no ano 2022 (-8 %) e no ano 2024 (-3,8 %).

Os incrementos interanuais máis salientables dos delitos contra a liberdade sexual en Galicia rexistráronse nos anos 2021 (29,2 %) e 2023 (26,5 %).

Analizando **por tipo de delito**, destaca o forte incremento das **agresións sexuais con penetración**, que no conxunto do período presentan unha evolución moi acusada, ao pasar de 40 feitos rexistrados en 2016 a **163 en 2025**, o que supón

un incremento acumulado superior ao 300 %. A media interanual de crecemento sitúase en valores elevados e destacan especialmente os aumentos rexistrados en 2019 (63,16 %) e en 2022 (91,36 %), cando practicamente se duplican os casos respecto ao ano anterior. Tras o máximo acadado en 2023 (201 casos), obsérvase unha **diminución dos delitos rexistrados nos dous últimos anos**, con descensos en 2024 (-10,4 %) e novamente en 2025 (-8,9 %), o que sitúa a cifra actual por debaixo dos valores máis altos da serie recente, aínda que en niveis claramente superiores aos de anos anteriores.


En canto ao **resto de delitos contra a liberdade sexual**, tamén se observa unha tendencia crecente no período analizado, aínda que máis moderada. Desde 2016 ata 2025 increméntanse arredor dun 70,6 %, cun crecemento interanual medio próximo ao 7,3 %. Esta tipoloxía presenta igualmente certas oscilacións, con descensos nos anos 2020 (-10,5 %), 2022 (-21 %) e 2024 (-1,5 %), fronte a incrementos destacados en 2021 (28,8 %) e 2023 (25,5 %). No último ano prodúcese un aumento significativo (+10 %), ao pasar de 611 feitos en 2024 a **672 en 2025**, o que reforza a tendencia ascendente desta categoría e explica boa parte do incremento global rexistrado.

En canto á **temporalidade**, obsérvase que **os meses centrais do ano concentran a maior incidencia de delitos contra a liberdade sexual**, sendo o terceiro trimestre (xullo–setembro) o que rexistra o maior número de casos (231), seguido do segundo trimestre (abril–xuño, 217). Pola contra, o primeiro trimestre (187) e o último (200) presentan valores máis baixos.

No caso das agresións sexuais con penetración, a distribución presenta un patrón específico, cun máximo no segundo trimestre (49 casos) e o maior número de casos rexístrase na primavera (abril–xuño), seguido do primeiro trimestre (42). A partir de aí prodúcese un descenso progresivo ao longo do ano e acada o valor máis baixo no último trimestre (32), o que apunta a unha maior incidencia nos primeiros meses.

Con relación ao resto de delitos contra a liberdade sexual, reproducése o patrón xeral, cunha maior concentración no terceiro trimestre (191 casos), seguido de valores semellantes no segundo e no cuarto trimestre (168 en ambos os casos), mentres que o primeiro trimestre presenta a menor incidencia (145).

GALICIA



Polo que respecta á **proporción**, no ano 2025 as **agresións sexuais con penetración** representan arredor do **19,5 %** do total de delitos contra a liberdade sexual en Galicia, unha cifra inferior á do ano anterior e que consolida a tendencia descendente iniciada en 2024. Así, pásase do 24,5 % en 2023 ao 22,7 % en 2024 e a valores por debaixo do 20 % en 2025.

Esta evolución reflicte unha perda progresiva de peso relativo deste tipo de delitos no conxunto, malia que se manteñen en niveis elevados en termos absolutos. A diminución explícase fundamentalmente polo maior crecemento do resto de delitos contra a liberdade sexual, que amosan unha evolución máis dinámica e incrementan a súa relevancia no total.


Cómpre salientar que esta diminución da proporción das agresións sexuais con penetración sobre o total non implica necesariamente unha redución destes delitos en termos absolutos, senón que responde principalmente ao maior incremento rexistrado no resto dos delitos contra a liberdade sexual.

Na **análise provincial**, en relación coa distribución temporal dos delitos contra a liberdade sexual rexistrados, obsérvase un patrón relativamente semellante ao do total galego, aínda que con matices:

- **Pontevedra** concentra o maior número de casos na primavera (97 en abril-xuño) e no verán (89 en xullo-setembro).
- **A Coruña** presenta unha distribución máis equilibrada, con case o mesmo número de casos de abril a decembro.
- **Lugo e Ourense** amosan cifras máis baixas, pero cun incremento notable no verán, especialmente no terceiro trimestre.

En conxunto, aínda que existe presenza de casos ao longo de todo o ano, os datos apuntan a unha **maior concentración nos meses centrais do ano**, o que

suxire unha certa estacionalidade, máis marcada que a descrita anteriormente, e con patróns territoriais diferenciados segundo a provincia.



En canto ao **número de delitos rexistrados**, a análise territorial amosa unha evolución heteroxénea, con crecementos máis intensos na Coruña e Ourense, estabilidade relativa en Pontevedra e descenso en Lugo e reforza a idea de que o incremento global en Galicia está sustentado principalmente polo avance do resto de delitos contra a liberdade sexual.

	Variación % 2025/2024		
	Delitos contra a liberdade sexual	Agresión sexual con penetración	Resto de delitos contra a liberdade sexual
GALICIA	5,7	-8,9	10,0
A CORUÑA	10,6	24,1	7,2
LUGO	-5,7	-14,3	-4,1
OURENSE	15,0	-14,3	25,4
PONTEVEDRA	2,1	-29,1	13,2

Pontevedra mantense como a provincia que **rexistra un maior número de delitos contra a liberdade sexual**, tanto en 2024 como en 2025. En 2024 rexistráronse 329 feitos (preto do 42 % do total galego), cifra que aumenta lixeiramente ata os 336 casos en 2025, o que supón un **incremento do 2,1 %**.

A pesar de continuar nunha posición claramente predominante, o seu peso relativo redúcese lixeiramente, ao situarse arredor do **40 % do total**, debido ao maior dinamismo doutras provincias, especialmente A Coruña e Ourense, que presentan crecementos máis intensos no último ano.


Aínda que o número total de delitos contra a liberdade sexual experimenta un incremento moderado, obsérvase unha diminución das agresións sexuais con penetración (-29,1 %), ao tempo que aumenta o número do resto de delitos contra a liberdade sexual (+13,2 %). Esta evolución modifica a distribución interna dos delitos rexistrados e reduce o peso relativo das agresións sexuais con penetración tanto no ámbito provincial como no conxunto de Galicia.

No caso da provincia [da Coruña](#), o número total de delitos contra a liberdade sexual pasa de 294 en 2024 a 324 en 2025 (+10,6 %). Esta mantén a súa posición como a [segunda provincia con maior número de delitos rexistrados](#). Por tipoloxías, increméntanse as agresións sexuais con penetración (+24,1 %) e tamén o resto de delitos contra a liberdade sexual, aínda que neste último caso cunha intensidade menor (+7,2 %).

Pola contra, [Lugo, a provincia con menor número de delitos rexistrados](#), presenta unha [evolución descendente](#), ao pasar de 89 a 83 delitos (-5,7 %), con caídas tanto nas agresións con penetración (-14,3 %) como no resto de tipoloxías (-4,1 %), sendo a única provincia na que diminúe o total de delitos.

En [Ourense](#), rexístrase un [incremento significativo do 15 %](#) (de 80 a 92 delitos), impulsado fundamentalmente polo forte crecemento do resto de delitos contra a liberdade sexual (+25,4 %), malia o descenso das agresións con penetración (-14,3 %).


Se analizamos a **evolución do número de delitos desde o 2016**, Ourense aparece como a provincia con maior incremento no número de delitos contra a liberdade sexual rexistrados nese período en termos relativos, cun aumento aproximado do 411 %, ao pasar de 18 delitos en 2016 a 92 en 2025. Este crecemento supón unha media de incremento interanual próxima ao **28 %**, moi elevada en comparación co resto de provincias. Este forte aumento debe interpretarse tendo en conta que parte de valores iniciais moi baixos, o que amplifica a variación porcentual ao longo do período.



Por tipo de delito, na provincia de Ourense as agresións sexuais con penetración experimentan un incremento moi significativo ao longo do período, ao pasar de 1 caso en 2016 a 18 en 2025, o que supón un aumento aproximado do 1700 %.

Destacan algúns anos con crecementos especialmente intensos, como 2017 (400 %) e, tras a pandemia da Covid-19, os anos 2021 e 2022, nos que se rexistran incrementos do 100 % e do 140 %, respectivamente. Non obstante, tras o máximo acadado en 2022 e 2023, obsérvase unha lixeira diminución nos últimos anos (2024 e 2025).

En Pontevedra, a evolución é semellante á que se produce a nivel galego, cunha tendencia claramente ascendente ao longo do período, ao pasar de 181 delitos contra a liberdade sexual en 2016 a 336 en 2025, o que supón un incremento acumulado do 85,6 % e unha media de crecemento interanual próxima ao 9 %.




Por tipo de delito, as agresións sexuais con penetración experimentan tamén un incremento relevante do 154 %. Non obstante, a evolución é irregular, con aumentos moi intensos en determinados anos —especialmente en 2018 e 2019,

con subas do 92 % e do 80 %, respectivamente—, e cun novo ciclo alcista tras a pandemia, con subas salientables en 2021 e 2022, que consolidan a tendencia ascendente ata acadar os valores máximos en 2023 e 2024.

Non obstante, nos últimos anos prodúcese unha corrección significativa, con descensos que reducen o número de casos en 2025, aínda que mantén niveis claramente superiores aos rexistrados ao inicio da serie.


A provincia de Lugo é a que presenta un menor incremento no número de delitos contra a liberdade sexual neste período, ao pasar de 52 casos en 2016 a 83 en 2025, o que supón un aumento aproximado do 59,6 % e unha media de crecemento interanual próxima ao 6 %.

Por tipo de delito, destaca, ao igual que no resto de provincias, o incremento das agresións sexuais con penetración, que medran un 200 % no total do período. A evolución é irregular, con anos de forte crecemento, especialmente 2022 e 2023, nos que se rexistran incrementos do 71,4 % e do 100 %, respectivamente, e acadan nese último ano (2023) o máximo deste período, seguido dunha importante diminución nos anos posteriores (-41,7 % no 2024 e -14,3 % no 2025).



A provincia da Coruña presenta un incremento moderado no número de delitos contra a liberdade sexual ao longo do período, ao incrementar nun un 77 % desde o 2016.

Non obstante, por tipo de delito, as **agresións sexuais con penetración** amosan un dos crecementos máis intensos, ao pasar de 11 casos en 2016 a 72 en 2025, o que supón un incremento próximo ao 555 %.



No que respecta aos **datos a nivel municipal**, o Portal de Criminalidade do Ministerio só amosa datos dos concellos de máis de 20 000 habitantes das provincias da Coruña e Pontevedra. No caso de Lugo e Ourense, os datos que ofrece son unicamente os das capitais de provincia.

No caso das [provincias da Coruña e Pontevedra](#), as provincias máis habitadas, [o total de concellos de máis de 20 000 habitantes rexistran o 68,5 % e o 67,8 % do total destes delitos rexistrados na provincia](#), respectivamente. No entanto, Lugo e Ourense, presentan situacións moi diferentes, pois só as cidades de Lugo e Ourense rexistran unha poboación superior aos 20 000 habitantes, e o número de delitos rexistrados, con respecto ao total provincial, é moito máis destacado: [45,7 % no caso de Ourense e 43,4 % no caso de Lugo](#); o cal indica que a maioría dos delitos se rexistran nos municipios pequenos, xa que Lugo só conta con 7 localidades de máis de 10 000 habitantes e Ourense con 5.

[Atendendo ao número de delitos rexistrados, Vigo lidera o ranking dos concellos, co 14,3 % dos delitos contra a liberdade sexual cometidos en Galicia](#) (o 35% dos delitos cometidos en toda a provincia de Pontevedra), seguida de preto pola Coruña, que rexistrou o 12,2 % dos delitos en Galicia e o 31,5 % da provincia. Detrás, por número de delitos, estarían as restantes 5 cidades galegas.

No que respecta ao resto de concellos, destacan a cifras de [Vilagarcía de Arousa](#) (18 delitos), [Marín e Oleiros](#) (14 delitos, respectivamente), [O Porriño e Pontearreas](#) (12 delitos, respectivamente) e Carballo (10 delitos), que supoñen o 9,6 % do total de delitos rexistrados en Galicia.

	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Ames										
Delitos contra a liberdade sexual	7	8	4	6	9	4	10	8	11	4
Agresión sexual con penetración	0	0	0	1	0	1	3	4	2	0
Resto de delitos contra a liberdade sexual	7	8	4	5	9	3	7	4	9	4
Arteixo										
Delitos contra a liberdade sexual	7	4	5	7	6	9	4	9	14	8
Agresión sexual con penetración	2	0	0	2	0	0	1	3	1	1
Resto de delitos contra a liberdade sexual	5	4	5	5	6	9	3	6	13	7
Cambre										
Delitos contra a liberdade sexual	-	-	-	-	4	6	3	2	5	5
Agresión sexual con penetración	-	-	-	-	1	2	2	0	1	2
Resto de delitos contra a liberdade sexual	-	-	-	-	3	4	1	2	4	3
Carballo										
Delitos contra a liberdade sexual	5	4	11	2	6	8	14	5	19	10
Agresión sexual con penetración	1	0	3	0	1	0	2	2	5	1
Resto de delitos contra a liberdade sexual	4	4	8	2	5	8	12	3	14	9
Coruña (A)										
Delitos contra a liberdade sexual	61	53	58	77	55	79	58	69	63	102
Agresión sexual con penetración	0	2	5	2	5	7	9	15	10	24
Resto de delitos contra a liberdade sexual	61	51	53	75	50	72	49	54	53	78
Culleredo										
Delitos contra a liberdade sexual	-	-	5	8	5	7	3	8	7	7
Agresión sexual con penetración	-	-	0	0	0	0	0	1	1	1
Resto de delitos contra a liberdade sexual	-	-	5	8	5	7	3	7	6	6
Ferrol										
Delitos contra a liberdade sexual	8	13	20	21	19	25	20	21	33	24
Agresión sexual con penetración	0	2	1	5	3	7	10	12	11	10
Resto de delitos contra a liberdade sexual	8	11	19	16	16	18	10	9	22	14
Narón										
Delitos contra a liberdade sexual	6	2	2	9	5	10	13	6	9	9
Agresión sexual con penetración	0	0	0	0	2	2	5	3	3	4
Resto de delitos contra a liberdade sexual	6	2	2	9	3	8	8	3	6	5
Oleiros										
Delitos contra a liberdade sexual	4	9	10	7	8	9	9	12	4	14
Agresión sexual con penetración	1	0	2	1	2	1	3	3	2	2
Resto de delitos contra a liberdade sexual	3	9	8	6	6	8	6	9	2	12
Ribeira										
Delitos contra a liberdade sexual	-	-	-	-	8	6	7	12	5	3
Agresión sexual con penetración	-	-	-	-	0	2	3	1	0	2
Resto de delitos contra a liberdade sexual	-	-	-	-	8	4	4	11	5	1
Santiago de Compostela										
Delitos contra a liberdade sexual	20	24	23	42	17	30	31	61	35	36
Agresión sexual con penetración	2	4	4	12	4	5	11	13	10	5
Resto de delitos contra a liberdade sexual	18	20	19	30	13	25	20	48	25	31
Lugo										

Delitos contra a liberdade sexual	19	18	27	27	25	22	24	33	25	36
Agresión sexual con penetración	1	1	3	1	4	2	7	9	1	4
Resto de delitos contra a liberdade sexual	18	17	24	26	21	20	17	24	24	32
Ourense										
Delitos contra a liberdade sexual	9	23	34	27	22	36	51	43	42	42
Agresión sexual con penetración	1	3	4	5	3	6	18	15	12	11
Resto de delitos contra a liberdade sexual	8	20	30	22	19	30	33	28	30	31
Cangas										
Delitos contra a liberdade sexual	-	-	-	-	7	2	7	7	7	9
Agresión sexual con penetración	-	-	-	-	0	1	3	2	0	4
Resto de delitos contra a liberdade sexual	-	-	-	-	7	1	4	5	7	5
Estrada (A)										
Delitos contra a liberdade sexual	-	-	-	-	1	4	3	4	1	3
Agresión sexual con penetración	-	-	-	-	0	1	2	1	0	0
Resto de delitos contra a liberdade sexual	-	-	-	-	1	3	1	3	1	3
Lalín										
Delitos contra a liberdade sexual	-	-	-	-	9	2	2	2	6	5
Agresión sexual con penetración	-	-	-	-	0	0	2	0	0	1
Resto de delitos contra a liberdade sexual	-	-	-	-	9	2	0	2	6	4
Marín										
Delitos contra a liberdade sexual	-	-	-	-	3	6	4	7	8	14
Agresión sexual con penetración	-	-	-	-	0	0	1	0	2	0
Resto de delitos contra a liberdade sexual	-	-	-	-	3	6	3	7	6	14
O Porriño										
Delitos contra a liberdade sexual	-	-	-	-	3	5	5	5	6	12
Agresión sexual con penetración	-	-	-	-	1	0	1	2	2	1
Resto de delitos contra a liberdade sexual	-	-	-	-	2	5	4	3	4	11
Pontevedra										
Delitos contra a liberdade sexual	27	17	14	27	21	29	26	25	29	27
Agresión sexual con penetración	1	0	4	7	5	4	3	7	4	5
Resto de delitos contra a liberdade sexual	26	17	10	20	16	25	23	18	25	22
Ponteareas										
Delitos contra a liberdade sexual	-	-	-	-	4	15	3	13	10	12
Agresión sexual con penetración	-	-	-	-	0	1	0	3	5	2
Resto de delitos contra a liberdade sexual	-	-	-	-	4	14	3	10	5	10
Redondela										
Delitos contra a liberdade sexual	-	-	-	-	1	7	6	3	6	9
Agresión sexual con penetración	-	-	-	-	1	0	3	1	5	2
Resto de delitos contra a liberdade sexual	-	-	-	-	0	7	3	2	1	7
Vigo										
Delitos contra a liberdade sexual	64	58	72	86	104	115	95	124	151	119
Agresión sexual con penetración	9	4	10	14	7	13	17	36	47	23
Resto de delitos contra a liberdade sexual	55	54	62	72	97	102	78	88	104	96
Vilagarcía de Arousa										
Delitos contra a liberdade sexual	6	13	7	12	10	13	12	14	7	18
Agresión sexual con penetración	2	0	1	2	0	0	6	5	4	4
Resto de delitos contra a liberdade sexual	4	13	6	10	10	13	6	9	3	14

Polo que respecta da [taxa de delitos coñecidos contra a liberdade sexual por cada dez mil habitantes](#), Galicia sitúase en **3,08**, claramente por debaixo da media estatal (4,41), o que supón unha diferenza de máis de 1,3 puntos e evidencia unha menor incidencia relativa deste tipo de delitos no conxunto da comunidade.

Por provincias, [Pontevedra](#) (3,54 delitos/10 000 habitantes) presenta a taxa máis elevada e sitúase por enriba da media galega e aproximándose á estatal. Séguena [Ourense](#) (3,01 delitos/10 000 habitantes), moi próxima á media de Galicia, mentres que [A Coruña](#) (2,85 delitos/10 000 habitantes) e [Lugo](#) (2,55 delitos/10 000 habitantes) rexistran valores inferiores. Esta última é a provincia con menor incidencia relativa.

Na análise por concellos, os valores máis elevados concéntranse en municipios da provincia de Pontevedra, destacando Marín (5,84), O Porriño (5,73) e Ponteareas (5,17). Tamén presentan taxas elevadas Vilagarcía de Arousa (4,74), A Coruña (4,06), Vigo (4,02) e Ferrol (3,70), todos eles por riba da media galega. En conxunto, obsérvase unha maior concentración da incidencia en determinados concellos urbanos e costeiros.

GALICIA

3,08


Provincia de CORUÑA (A)	2,85	Provincia de OURENSE	3,01
Ames	1,20	Ourense	3,98
Arteixo	2,33		
Cambre	2,02	Provincia de PONTEVEDRA	3,54
Carballo	3,12	Cangas	3,37
Coruña (A)	4,06	Estrada (A)	1,49
Culleredo	2,24	Lalín	2,47
Ferrol	3,70	Marín	5,84
Narón	2,06	Ponteareas	5,17
Oleiros	3,61	Pontevedra	3,24
Ribeira	1,11	Porriño, O	5,73
Santiago de Compostela	3,57	Redondela	3,11
		Vigo	4,02
Provincia de LUGO	2,55	Vilagarcía de Arousa	4,74
Lugo	3,60		

COMPARATIVA COS DATOS DE VIOLENCIA SEXUAL EN ESPAÑA

A nivel nacional, no ano 2025 rexistráronse 21 659 delitos contra a liberdade sexual, o que supón un **incremento do 2,4 % con respecto aos datos do 2024** e consolida a tendencia ascendente dos últimos anos, aínda que cun ritmo de crecemento máis moderado que en períodos anteriores.

Con relación á evolución na última década, os datos dos Balances Trimestrais de Criminalidade reflicten unha evolución paralela entre Galicia e o conxunto de España, cunha clara tendencia crecente en ambos os casos. Analizando o período 2016–2025, obsérvase que os delitos totais contra a liberdade sexual **case se duplican en España**, cun incremento próximo ao 100 %, ao pasar de 10 844 a 21 659.

En Galicia, o incremento tamén é moi significativo, aínda que lixeiramente inferior en termos relativos, ao pasar de 434 a 835 delitos, o que supón un aumento arredor do 92 %. En conxunto, ambos os ámbitos amosan unha evolución moi semellante, con descensos puntuais (como en 2020 e 2022), pero cunha tendencia estrutural claramente ascendente.



No último quinquenio (2021–2025) obsérvase que, a nivel nacional, tras os fortes incrementos rexistrados en 2021 e, especialmente, en 2023 (15,3 % respecto a 2022), o ritmo de crecemento modérase nos últimos anos. Así, no 2024 o incremento foi do 5,7 %, mentres que en 2025 se reduce aínda máis ata o 2,3 %, o que indica unha desaceleración progresiva do crecemento, aínda que se mantén a tendencia alcista no conxunto do período.

	xaneiro- decembro 2021	xaneiro- decembro 2022	xaneiro- decembro 2023	xaneiro- decembro 2024	xaneiro- decembro 2025
ESPAÑA					
Delitos contra a liberdade sexual	17.016	17.367	20.021	21.170	21.659
Agresión sexual con penetración	2.143	4.270	4.880	5.215	5.363
Resto de delitos contra a liberdade sexual	14.873	13.097	15.141	15.955	16.296
GALICIA					
Delitos contra a liberdade sexual	707	649	821	790	835
Agresión sexual con penetración	81	155	201	179	163
Resto de delitos contra a liberdade sexual	626	494	620	611	672


Este crecemento rómpese no ano 2020 debido ás circunstancias provocadas pola pandemia da Covid-19, que deron lugar a cifras inferiores ás dos anos anteriores (-14 %). Con todo, a evolución posterior no último quinquenio (2021–2025) amosa dinámicas diferenciadas entre Galicia e o conxunto de España. Mentres que a nivel estatal se mantén unha tendencia de crecemento sostido — con incrementos do 2,1 % en 2022, 15,3 % en 2023, 5,7 % en 2024 e 2,4 % en 2025—, en Galicia obsérvase unha evolución máis irregular, con descensos en 2022 (-8,2 %) e 2024 (-3,8 %), fronte a incrementos salientables en 2021 (29,2 %), 2023 (26,5 %) e 2025 (5,7 %).

As maiores diferenzas respecto da evolución estatal prodúcense, efectivamente, nos anos 2022 e 2024, nos que Galicia presenta descensos mentres España continúa en fase de crecemento. En conxunto, Galicia amosa unha maior volatilidade, fronte a unha evolución máis estable e sostida a nivel nacional.

A **proporción** dos delitos rexistrados en Galicia respecto ao total estatal mantense relativamente constante ao longo do período, situándose arredor do **3,7–3,9 %** dos casos en España (835 de 21 659 en 2025), unha cifra lixeiramente inferior ao peso demográfico da comunidade (5,5 % no 2025).

Por **tipo de delito**, no último ano obsérvanse evolucións diverxentes. En **España**, as **agresións sexuais con penetración medran un 3,0 %** en 2025, mentres que o **resto de delitos aumenta un 2,1 %**. En **Galicia**, pola contra, **as agresións con penetración descenden un -8,9 %**, mentres que o **resto de delitos medra un 10,0 %**, explicando o incremento global.

A longo prazo, as agresións sexuais con penetración experimentaron un crecemento moi significativo. Entre 2016 e 2025, en Galicia pasan de 40 a 163 casos (308 %), mentres que en España pasan de 1249 a 5363 (329 %). Este incremento confirma a expansión desta tipoloxía, aínda que nos últimos anos, especialmente en Galicia, obsérvase unha certa contención ou corrección tras os máximos recentes.




Tras o descenso de 2020, a partir de 2021 e, especialmente, 2022, rexístrase un salto moi significativo, tanto a nivel autonómico como estatal, chegando practicamente a duplicarse as cifras en España e a medrar con gran intensidade en Galicia. O máximo acádase en 2023 (201 casos en Galicia). A partir dese momento, obsérvase unha corrección en Galicia, con descensos consecutivos en 2024 (-10,9 %) e 2025 (-8,9 %), aínda que mantendo niveis elevados. Pola contra, a nivel estatal mantense a tendencia alcista, aínda que cun ritmo máis moderado, con incrementos do 6,7 % en 2024 e do 3,0 % en 2025, fronte ao forte crecemento do 14,3 % en 2023.

En canto á proporción que representan estas agresións no total de delitos, obsérvase un incremento moi relevante ao longo da serie: en Galicia pásase do 9,2 % en 2016 a arredor do 24,5 % en 2023, mentres que en España pásase do 11,5 % a máis do 24 % nese mesmo ano. Non obstante, en Galicia esta proporción descende nos últimos anos, situándose no 22,7 % en 2024 e no 19,5 % en 2025, mentres que a nivel estatal obsérvase unha maior estabilidade, mantendo as agresións sexuais con penetración un peso relativo arredor do 25 % (24,6 % en 2025, con 5363 casos sobre 21 659), en liña coa tendencia dos últimos anos.

En consecuencia, esta evolución pon de manifesto unha diverxencia crecente entre Galicia e o conxunto de España: mentres a nivel estatal a distribución entre tipoloxías mantense relativamente constante, en Galicia prodúcese unha reconfiguración interna na que o resto de delitos gañan protagonismo, ampliando a diferenza en máis de cinco puntos porcentuais respecto á media estatal.

O resto de delitos contra a liberdade sexual, como acoso sexual, abusos, exhibicionismo ou corrupción de menores, entre outros, presentan tamén unha tendencia xeral ascendente, aínda que con certas oscilacións ao longo do

período. Galicia mantense en liña coa evolución estatal, aínda que cun comportamento máis irregular.




A **evolución** é claramente ascendente, a nivel nacional pásase de **9595 delitos rexistrados no 2016 a 16 296 no 2025**, mentres que en Galicia pásase de 394 a 672 casos no mesmo período.

Os principais retrocesos prodúcense en 2020, cunha baixada notable asociada á pandemia da Covid-19 (-13,98 % en España e -10,5 % en Galicia), e en 2022, ano no que se observa unha caída xeral (-11,9 % en España), especialmente acusada en Galicia (-21,1 %). Tras este descenso, recupérase a tendencia crecente en ambos os ámbitos, con incrementos destacados en 2023 e continuidade do crecemento en 2024 e 2025.

No conxunto do período analizado, o incremento acumulado dos delitos contra a liberdade sexual supera o **69 % en España e sitúase arredor do 70,6 % en Galicia**. Esta evolución reflicte un aumento do número de delitos rexistrados ao longo da serie temporal, cun crecemento lixeiramente superior no caso galego nos últimos anos.

Polo que respecta á **taxa de delitos coñecidos contra a liberdade sexual por dez mil habitantes**, Galicia mantén a posición como a cuarta comunidade autónoma con menor taxa de delitos, presentando un **3,08**, máis de 1,3 puntos por baixo da media española (4,41 delitos/10 000 habitantes).



DATOS SOBRE AS VIOLENCIAS SEXUAIS ATENDIDAS NOS CENTROS DE CRISE EN GALICIA

Os centros de crise son recursos especializados, abertos as 24 horas, os 365 días do ano, destinados ás **mulleres maiores de 15 anos**, independentemente de cal sexa a súa situación administrativa, que **vivisen un intento ou unha situación de violencia sexual**, recentemente ou no pasado, os **seus familiares e persoas da súa contorna íntima**.

Actualmente, existen **5 centros de crise en Galicia**, localizados nas cidades de Ferrol, Lugo, Ourense, Santiago de Compostela e Vigo e teñen como obxectivos xerais:

1. Promover **asistencia inmediata, integral, interdisciplinar e especializada** (xurídica, psicolóxica e social) ás mulleres vítimas de violencia sexual, xa sexa sufrida actualmente, ou no pasado, atendendo ás súas necesidades e demandas particulares, cun apoio interdisciplinar a curto e medio prazo, que lles permita afrontar a crise e facilite a súa recuperación.
2. Xerar un **contexto de seguridade e bo trato**, que evite a vitimización secundaria, así como os efectos negativos que ten para a vítima de violencia sexual o proceso de recoñecemento da experiencia vivida.
3. Desenvolver un **labor divulgativo especializado** de prevención, formación e sensibilización sobre a violencia sexual.

Ademais, teñen tamén como obxectivos específicos impulsar unha atención inmediata, telefónica, telemática e presencial, e garantir un espazo físico e emocional de seguridade, intimidade e confidencialidade, base para a intervención integral e interdisciplinar.

A continuación preséntanse os datos relativos ás violencias sexuais atendidas nos cinco centros de crise existentes en Galicia.


Os datos analizados permiten aproximarse ás características das violencias sexuais sufridas polas vítimas en Galicia, aínda que cómpre ter en conta que reflicten unicamente os casos atendidos nos centros de crise, polo que non representan a totalidade das situacións existentes.

As violencias sexuais


Durante o ano 2025 atendéronse **381 casos de violencia sexual**. Do total de vítimas atendidas, 338 eran maiores de idade e 43 menores de idade (entre 16 e 18 anos).

A **distribución territorial** das vítimas de violencia sexual usuarias dos centros de crise amosa unha maior concentración nos principais núcleos urbanos, que é onde están localizados estes recursos. Destaca especialmente Vigo (29 %),

seguido de Santiago de Compostela (23 %), mentres que Lugo (17 %), Ourense (16 %) e Ferrol (15 %) presentan unha distribución máis equilibrada.



A análise da **tipoloxía** evidencia que a maior parte das violencias sexuais atendidas polos centros de crise corresponderon a **agresións sexuais (87 %)**.




Dentro destas, o **61 % foron agresións con penetración**, o que vén confirmar a intensidade do impacto físico e emocional dos casos atendidos.

O resto das tipoloxías —acoso sexual (7 %), violencia sexual dixital (2 %), explotación sexual (1 %), trata con fins de explotación sexual (1 %) e outras violencias (2 %)— presentan menor incidencia porcentual.

Os datos recollidos sobre a **idade das usuarias vítimas no momento no que ocorreron as violencias sexuais** evidencia que unha parte moi significativa das violencias sexuais producíronse en **etapas temperás da vida**, destacando especialmente os casos rexistrados en **menores de 12 anos** e no tramo de **12 a 15 anos**.

Este feito pon de manifesto a especial vulnerabilidade da infancia e da adolescencia fronte á violencia sexual, así como a frecuente existencia de situacións de abuso que poden permanecer ocultas durante anos e seren reveladas só na idade adulta. A concentración nestas idades iniciais reforza a necesidade de intervencións de prevención, detección temperá e protección, especialmente en contornos educativos, familiares e comunitarios.




Tamén se observa unha incidencia relevante nas franxas de **21 a 30 anos** e de **31 a 40 anos**, o que confirma que a violencia sexual afecta de maneira transversal as distintas etapas vitais, aínda que con especial impacto na infancia, na adolescencia e na primeira etapa da idade adulta.

En conxunto, os datos evidencian que a violencia sexual é un fenómeno transversal ao ciclo vital, aínda que presenta unha maior incidencia en momentos clave do desenvolvemento: a infancia, a adolescencia e a primeira etapa da idade adulta.

Polo que respecta ao **tipo de autoría**, o 94 % das violencias sexuais sufridas polas vítimas atendidas nos centros de crise foron exercidas por un home mentres que as autorías múltiples (principalmente grupos de homes) están próximas ao 4 %.

Polo que se refire ao **lugar concreto no que se produciron as violencias sexuais**, os datos recollidos das usuarias dos centros de crise evidencian que a maior parte dos feitos tiveron lugar en **espazos privados**, destacando principalmente o **domicilio da vítima e o domicilio do agresor**.




Esta concentración en ámbitos domésticos pon de manifesto que a violencia sexual se produce con frecuencia en **contextos de proximidade e confianza ou relación previa**, e non exclusivamente en espazos públicos ou por parte de descoñecidos. Esta circunstancia incrementa a vulnerabilidade da vítima, dificulta a identificación da situación como violencia e pode atrasar ou impedir a revelación dos feitos e a interposición de denuncia.

En menor medida, rexístranse casos en **espazos públicos ou semipúblicos**, como rúas, parques, lugares de ocio, centros de traballo ou establecementos comerciais. A presenza de feitos en ámbitos como centros educativos, transporte público ou centros sanitarios é porcentualmente reducida, aínda que non desprezable, o que evidencia a diversidade de contextos nos que pode producirse a violencia sexual.

Desde unha perspectiva analítica, estes datos cuestionan a percepción social que tende a asociar a violencia sexual principalmente co espazo público, e poñen de relevo que o risco non se limita a contextos descoñecidos, senón que se sitúa con frecuencia no ámbito privado e relacional.

Perfil das vítimas atendidas polos centros de crise

A **distribución por idades** das vítimas atendidas permite identificar con claridade o **perfil predominante das persoas afectadas pola violencia sexual**, que se concentra en **mulleres novas e adultas novas**. En concreto, o tramo de 21 a 30 anos representa o 27,23 % dos casos, seguido do grupo de 31 a 40 anos (20,16 %) e do de 41 a 50 anos (14,92 %).




Se se agrupan as franxas de idade comprendidas entre os 21 e os 40 anos, estas concentran case a metade das vítimas, o que evidencia unha especial incidencia da violencia sexual nas etapas de vida adulta temperá. Trátase dun período clave desde o punto de vista vital —marcado pola autonomía persoal, as relacións afectivo-sexuais, a formación e a inserción laboral— polo que o impacto da violencia sexual pode ter consecuencias profundas e duradeiras en múltiples ámbitos.

Cómpre salientar tamén a presenza relevante de vítimas entre os **18 e 20 anos** (13,35 %), así como de menores de idade, o que reforza a idea de que a violencia sexual non se limita a un único grupo de idade, senón que se distribúe ao longo de todo o ciclo vital.

En relación coa **orixe** e coa **nacionalidade das vítimas** atendidas polos centros de crise, os datos indican que o **69 % naceron en España e posúen nacionalidade española**, mentres que o 31 % corresponden a mulleres de orixe estranxeira.

En relación co **lugar de residencia das usuarias dos centros de crise**, obsérvase que **a maioría reside en ámbitos urbanos**, representando o 53 % en cidades e o 36 % na contorna urbana, o que supón preto do 90 % do total.

Pola súa banda, o **8 % das usuarias proceden dunha contorna rural**.




Esta distribución debe interpretarse tendo en conta dous factores clave. Por unha banda, é coherente coa maior concentración poboacional nas áreas urbanas, onde se localiza unha parte significativa da poboación galega. Por outra, está claramente condicionada pola localización dos centros de crise, situados en cinco das sete cidades galegas, o que facilita o acceso ás usuarias destas contornas e pode limitar, en certa medida, a utilización do servizo por parte de mulleres residentes en zonas rurais ou máis dispersas.

En consecuencia, a menor presenza de usuarias procedentes do ámbito rural non implica necesariamente unha menor incidencia da violencia sexual nestas zonas, senón que pode responder a factores como a accesibilidade aos recursos, as distancias, a dispoñibilidade de transporte ou o menor coñecemento do servizo.

Perfil dos agresores


Segundo os datos facilitados polas vítimas atendidas nos centros de crise, **a maior parte dos agresores pertencen á contorna próxima da vítima**, destacando especialmente os **familiares e a parella ou exparella**, que concentran as porcentaxes máis elevadas.



Esta realidade confirma que a violencia sexual se produce con frecuencia en contextos de confianza, proximidade ou relación afectiva, o que incrementa a vulnerabilidade da vítima e pode dificultar tanto a revelación dos feitos como a interposición de denuncia.

Xunto a estas categorías, tamén se rexistran porcentaxes significativas de agresores identificados como outros coñecidos ou descoñecidos, o que evidencia a diversidade de contextos nos que pode producirse a violencia sexual.

A análise da **idade dos agresores no momento da agresión** indica unha **maior concentración nas franxas comprendidas entre os 21 e os 40 anos**, destacando especialmente os tramos de 31 a 40 anos e de 21 a 30 anos, seguidos do grupo de 41 a 50 anos.




Estes datos amosan que **a maior parte das agresións foron cometidas por persoas en idade adulta nova ou media**, o que evidencia que a violencia sexual

non se circunscribe a idades extremas, senón que se produce maioritariamente en etapas vitais activas desde o punto de vista social e laboral.

A presenza de agresores menores de idade ou maiores de 60 anos resulta porcentualmente inferior, aínda que confirma a diversidade de perfís existentes.

No seu conxunto, a análise reflicte que a violencia sexual atendida polos centros de crise responde a dinámicas estruturais e transversais, presentes en distintos grupos de idade, aínda que cunha maior incidencia na franxa adulta nova.

En relación coa **orixe** e coa **nacionalidade dos agresores**, os datos indican que **6 de cada 10 agresores** das vítimas de violencia sexual usuarias dos centros de crise **naceron en España e posúen nacionalidade española**.



Esta distribución evidencia que a maior parte das agresións foron cometidas por persoas do propio contexto social e territorial, confirmando que a violencia sexual responde a dinámicas estruturais presentes na sociedade e non a factores externos, ou alleos á contorna inmediata.

RECURSOS E SERVIZOS PARA A PREVENCIÓN E ATENCIÓN DA VIOLENCIA SEXUAL EN GALICIA

A resposta fronte ás violencias sexuais require unha abordaxe integral que combine actuacións de prevención, sensibilización, detección, atención e coordinación institucional.

Este apartado recolle as principais actuacións desenvolvidas durante o ano 2025 no ámbito da violencia sexual, organizadas segundo a súa finalidade e o público destinatario. Inclúense tanto iniciativas orientadas á prevención e á sensibilización social como recursos especializados de atención, recuperación e protección das vítimas, así como dispositivos específicos para colectivos con necesidades particulares e servizos de apoio ao proceso xudicial. O seu conxunto permite ofrecer unha visión global do sistema galego de resposta fronte ás violencias sexuais e do alcance das actuacións realizadas ao longo do ano.

PREVENCIÓN E SENSIBILIZACIÓN

O obxectivo dos recursos, servizos e accións recollidos neste apartado é actuar antes da violencia, promover relacións igualitarias e mellorar o coñecemento dos recursos:

Accións de sensibilización no ámbito comunitario

- **Charla informativa sobre agresións sexuais e violencia sexual**

Entre as actuacións ofertadas ás entidades locais galegas adheridas á Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, pola Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, ao abeiro do convenio de colaboración asinado coa FEGAMP, inclúese a actuación “**Sementes de cambio: erradicando a violencia sexual**”, unha charla informativa sobre agresións sexuais e violencia sexual.

Esta charla, que se desenvolve a cargo de persoal especializado na materia, vai dirixida preferentemente a xente moza, para reflexionar sobre o bo trato nas primeiras relacións, para identificar as tipoloxías de violencias sexuais, evitar ditas agresións e incidir nunha educación afectivo-sexual alternativa á pornografía.

No 2025, esta actividade realizouse en **35 entidades locais**:

Charla informativa sobre agresións sexuais e violencia sexual			
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
23	4	2	6

- **Campaña Agresión Off: “Eu digo non á violencia sexual”**

Campaña específica para a sensibilización contra as violencias sexuais que se desenvolveu nos meses de **febreiro a novembro de 2025**. As actividades realizáronse tanto en espazos municipais como en centros educativos. En total, desenvolvéronse **35 actuacións**, coa seguinte distribución territorial por provincias:

Provincia	Actuacións
A Coruña	20
Lugo	3
Ourense	2
Pontevedra	10

Participaron nesta campaña un total de **4084 persoas**, entre as que se distribuíron **9400 unidades de material promocional** con lemas en contra da violencia sexual.

- **Protocolos de actuación contra as violencias sexuais e LGBTIfóbicas**

A Xunta de Galicia, no seu compromiso coa erradicación da violencia sexual, desenvolveu dous protocolos, o "Protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGBTIfóbicas nos espazos de lecer nocturno" e o "Protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGBTIfóbicas nos eventos e espazos festivos", co obxectivo de establecer medidas concretas para a prevención, detección e intervención nestas situacións.

Estes protocolos son unha ferramenta esencial para a prevención, sensibilización, atención e acompañamento de vítimas. A continuación, destacamos algúns dos seus contidos máis relevantes:

Principios de actuación: establecen a necesidade dunha resposta rápida e coordinada, garantindo unha atención prioritaria á vítima.

- **Prevención e sensibilización:** Recoméndase realizar actuacións de formación, información e sensibilización, co fin de previr situacións de violencia sexual ou LGBTIfóbica.
- **Intervención e acompañamento:** define procedementos de actuación ante unha agresión, que asegura a protección da vítima e a activación dos recursos necesarios.
- **Intervención coordinada:** Destácase a necesidade dunha resposta coordinada entre administracións, forzas de seguridade e entidades especializadas, para garantir unha resposta eficaz e unha atención integral ás vítimas.

No caso particular do "Protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGBTIfóbicas nos espazos de lecer nocturno" preténdese establecer unhas pautas preventivas e de actuación para combater as violencias sexuais e LGBTIfóbicas, dotando aos profesionais de discotecas, salas de festas, pubs e cafés-espectáculos da Comunidade Autónoma de Galicia dunha ferramenta para actuar cando se produza algún tipo de violencia contra as mulleres ou persoas LGBTI nos establecementos adheridos.

Así, todas as persoas que interveñen na organización e no desenvolvemento das actividades de lecer nocturno nos indicados establecementos deberán coñecer este protocolo e a forma de aplicalo. Para iso, o persoal de xerencia do local facilita a cada persoa do cadro de persoal a información relativa ao protocolo, en especial, o Manual de actuación ante situacións de violencia sexual ou LGBTIfóbica. A Consellería de Política Social e Igualdade facilítalles aos establecementos que se adhiran a este protocolo a indicada formación.

A finais de 2025 estaban adheridos ao protocolo un total de **63 locais de ocio nocturno** e recibiron a formación para a súa aplicación **80 persoas**.

- **Puntos lila e arco iris**

Durante os **meses de xuño, xullo, agosto e setembro** do ano 2025 establecéronse puntos lilas e arco iris como espazos para a concienciación, sensibilización e información das persoas asistentes sobre as violencias sexuais e LGBTIfóbicas e de comunicación do "Protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGBTIfóbicas nos eventos festivos" publicado pola Xunta de Galicia.

Estes puntos funcionaron como lugares de información e sensibilización sobre as violencias sexuais e tamén como lugares seguros para as vítimas, de asesoramento, acompañamento e atención.

O servizo desenvólvese nun stand/estrutura móbil que se instala en cada festival con dúas áreas diferenciadas e separadas:

“Espazo de igualdade”: espazo de sensibilización

“Punto lila e arco iris”: atención e intervención especializada ante calquera situación de violencia de xénero, agresión sexual ou LGBTIfóbica.

As actuacións desenvolvidas foron as seguintes:

1. - Actividades de información e asesoramento:

Consiste en facilitar ás persoas asistentes aos festivais información e asesoramento sobre os diferentes recursos, servizos e programas en materia de promoción da igualdade, así como de prevención e loita contra a violencia sexual, outro tipo de violencias contra as mulleres e contra as persoas LGBTI.

2. - Actividades de sensibilización:

Consiste na realización de actividades para promover a igualdade e eliminar as discriminacións entre mulleres e homes e para sensibilizar ao conxunto da

ciudadanía e á xente moza en particular, sobre temáticas relacionadas con: relacións igualitarias baseadas no respecto mutuo entre ambos sexos e no bo trato, roles e estereotipos de xénero, a diversidade afectiva, sexual e de xénero, a violencia de xénero, a LGBTIfobia, saúde sexual responsable, etc.

3 - Actuacións de acompañamento especializado:

Consiste na realización de accións de atención, acompañamento e orientación especializada nun espazo seguro ante calquera forma de violencia de xénero ou LGBTIfobia, facilitando o acceso aos correspondentes recursos, incluíndo a xestión urxente cos servizos policiais, sanitarios, psicolóxicos, xudiciais e sociais que sexan oportunos.

En total, establecéronse puntos lilas e arco iris en **8 festivais**, que prestaron información e atención a un total estimado de **20 800 persoas**.

Provincia	Festival	Datas	Nº persoas punto de información	Nº persoas punto de atención	Total estimado de persoas que se achegaron ao punto lila/arco iris
A Coruña	Festival O SON DO CAMIÑO. Santiago de Compostela.	12/06/2025 a 14/06/2025	3.100	350	3.450
	Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira	09/07/2025 a 12/07/2025	1.500	200	1.700
	Festival MORRIÑA FEST. A Coruña.	25/07/2025 a 26/07/2025	1.900	300	2.200
Lugo	Resurrection Fest (Viveiro)	25/06/2025 a 28/06/2025	2.600	350	2.950
	Festival CAUDAL FEST. Lugo	19/09/2025 a 20/09/2025	1.850	200	2.050
Pontevedra	Festival PORTAMÉRICA. Portas.	03/07/2025 a 05/07/2025	2.100	250	2.350
	Atlantic Fest. Vilagarcía de Arousa.	18/07/2025 a 20/07/2025	2.800	200	3.000
	Festival RÍO VERBENA. Pontevedra	22/08/2025 a 23/08/2025	2.800	300	3.100
TOTAL			18.650	2.150	20.800

Prevención no ámbito educativo e xuvenil

- **Charla informativa:** “A nova escravitude do século XXI: Trata de seres humanos con fins de explotación sexual, outra forma de violencia de xénero”

Son charlas de sensibilización impartidas por persoal da Rede Galega contra a Trata que teñen como finalidade sensibilizar sobre a trata con fins de explotación sexual e a explotación sexual como formas de violencia de xénero.

Estas charlas enmárcanse no Plan proxecta, unha iniciativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, en colaboración con diferentes organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que desenvolvan as competencias clave como eixe do currículo e os elementos transversais, nos cales se inclúe a educación en valores. Un destes programas é “Por 365 días de respecto e igualdade” (da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero), que ten como obxectivo a **prevención da violencia de xénero dentro do ámbito educativo** e que vai dirixido a alumnado de ESO, bacharelato, FP e adultos.

En 2025 contaron con esta actividade **25 centros educativos de Galicia.**

Charlas de sensibilización: "A nova escravitude do século XXI: Trata de seres humanos con fins de explotación sexual, outra forma de violencia de xénero"			
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
6	7	4	8

- **Centros Quérote+**

Os centros Quérote+ son un recurso de atención especializada á xuventude, ás súas familias, e a profesionais que traballan no eido xuvenil, dependentes da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade e da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, da Xunta de Galicia.

Un servizo que naceu no ano 2006 e que cumpre este ano os 20 anos de funcionamento.

Actualmente, existen 5 centros Quérote+ en: A Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Santiago de Compostela.

Os eidos de intervención correspóndense a: sexualidade, a promoción da diversidade sexual, a atención específica ao colectivo LGTBI+, o benestar emocional, a realización de probas rápidas de VIH e VHC, e a promoción do bo trato e a prevención e loita contra a violencia de xénero.

Áreas de intervención e actividade 2025:

A) Área de información, asesoramento e acompañamento

4838 consultas atendidas en distintos formatos (presencial, telefónica, en liña, mensaxería e videochamada).

Atención a casos de violencia de xénero:

Agresores: 81

Vítimas: 41

B) Área formativa

534 obradoiros realizados en centros educativos, concellos, asociacións, familias e profesionais.

11 904 persoas participantes.

Destaca o traballo con menores en medidas xudiciais e a colaboración con entidades como ACIS, CAFI e EGAP.

C) Área de participación e sensibilización

23 accións de sensibilización desenvolvidas.

Participación en xornadas, campañas e foros.

Campaña propia: *Pon o bo por diante. Usa o botrato.*

Alcance: 6101 persoas.

Área de información	Número de consultas atendidas	4.838
Área de formación	Número de accións formativas	534
	Número de persoas beneficiarias	11.904
Área de participación e sensibilización	Número de accións realizadas	23
	Número de persoas beneficiarias	6.101
Total de accións levadas a cabo no ano 2025		557
Alcance total do servizo no ano 2025		22.843

O equipo profesional do servizo **Quérote+** está formado por un total de 12 persoas das áreas do: traballo social, a educación social e a psicoloxía. Cóntase ademais con persoal titulado co posgrao de sexoloxía e inscrito como persoal docente acreditado para impartir formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero, da Xunta de Galicia.

- **Accións de formación e sensibilización nas 3 universidades galegas**

No ano 2025 asináronse convenios de colaboración coas 3 Universidades galegas, as cales, entre outras actividades, levaron a cabo accións de formación e sensibilización do seu alumnado fronte as violencias sexuais promovendo unha cultura universitaria libre de violencias machistas.

Realizaron formación en ciberviolencias, prevención e tratamento das violencias sexuais, o consentimento sexual, xornadas interuniversitarias de submisión química e violencias sexuais, un congreso sobre a trata con fins de explotación sexual na era dixital, a diagnose e o protocolo de acoso sexual e por razón de sexo.

As persoas participantes foron arredor de 450.

ATENCIÓN ESPECIALIZADA ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA SEXUAL

O obxectivo dos recursos, servizos e accións recollidos neste apartado é ofrecer resposta inmediata, apoio especializado e recuperación:

Atención integral especializada en violencia sexual

- **Centros de crise 24 horas para vítimas de violencia sexual**

No marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, do Plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027) e da Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro de garantía integral da liberdade sexual, a Xunta de Galicia puxo en marcha en **decembro do 2024** os centros de crise 24 horas: servizos para a atención integral a mulleres vítimas de violencia sexual que brindan atención psicolóxica, xurídica e social.

Actualmente, existen **5 centros de crise en Galicia**, localizados nas seguintes cidades:

- **FERROL**: Hospital Profesor Novoa Santos
- **LUGO**: Hospital Universitario Lucus Augusti
- **OURENSE**: PAC, Centro de Especialidades
- **SANTIAGO DE COMPOSTELA**: Hospital Gil Casares
- **VIGO**: Hospital Álvaro Cunqueiro

Estes centros son recursos especializados, abertos as 24 horas, os 365 días do ano, destinados ás **mulleres maiores de 15 anos**, independentemente de cal sexa a súa situación administrativa, que **vivisen un intento ou unha situación de violencia sexual**, recentemente ou no pasado, os **seus familiares e persoas da súa contorna íntima**. Atenden tamén **profesionais** e entidades que requiran información ou formación específica.

Durante o 2025, **730 persoas** contactaron cos centros de crise. Do total das persoas que contactaron, **494 persoas deron lugar á apertura de expedientes de atención efectiva**, entendidos como aqueles casos nos que se realizou unha intervención profesional continuada no tempo:

- 381 vítimas de violencia sexual,
- 113 persoas achegadas ás vítimas de violencia sexual, incluíndo familiares e outras persoas significativas.

Neste ano, os centros de crise realizaron **4347 intervencións** dirixidas ás persoas usuarias do servizo e **158 actuacións de sensibilización e prevención**, orientadas a promover unha maior concienciación social fronte á violencia sexual e a favorecer a súa detección temperá.

Recuperación psicolóxica e acompañamento especializado

- **Programa de Intervención con mulleres vítimas de abuso e violencia sexual**

En colaboración coa Fundación Meniños, a Xunta de Galicia desenvolveu durante o 2025 un programa de apoio a mulleres vítimas de violencia e abuso

sexual, co obxectivo de ofrecerlles ás vítimas un espazo seguro onde se sintan acompañadas no proceso de sanación psicolóxico-emocional. Tendo en conta que o abuso e a violencia sexual teñen consecuencias devastadoras no desenvolvemento psicosocial e da saúde mental das persoas agredidas, o programa pon especial énfase no proceso de axudar a construír e compartir unha narrativa da experiencia traumática para acreditar o relato das vítimas, axudar a dar sentido á experiencia, confrontar as distorsións que poida ter inoculado o agresor (narrativas de vitimización) e buscar e alentar áreas da vida da muller que non estean contaminadas pola experiencia traumática, de maneira que sinta que pode volver restablecer relacións seguras coas persoas claves da súa contorna.

Este programa levouse a cabo nas catro provincias galegas, nas que se atenderon **119 casos** con sesións individuais coas mulleres e, nalgún caso, sesións familiares.

Programa de Intervención con mulleres vítimas de abuso e violencia sexual			
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
53	23	10	33
Total: 119 casos			

- **Proxecto Re-incorpórate**

Como complemento á intervención terapéutica, no ano 2025 continuouse co proxecto Reincorpórate, a través do cal se trata de impulsar a recuperación integral das mulleres vítimas de violencia sexual a través da combinación dunha intervención psicolóxica e dun adestramento físico de forza nunha contorna de seguridade que teña en conta as súas necesidades específicas tanto físicas como emocionais.

Esta modalidade de proxecto actúa intentando reducir a sintomatoloxía traumática, mellorar a autoestima, a sensación de benestar e o auto coidado. No 2025 beneficiáronse deste programa un total de **21 mulleres**.

Atención a vítimas con necesidades específicas

- **Programa DEDALEIRA-Unidade QUERELAR: Detección e identificación de situacións contra a liberdade e indemnidade sexual en mulleres con discapacidade**

Cabe dicir que a sexualidade das persoas con discapacidade é unha realidade, con demasiada frecuencia, ignorada. Este non “querer ver” conduce non só a esa desatención, senón tamén á invisibilización dunha realidade na que preto dun 80% das persoas con discapacidade intelectual vive situacións

de abusos sexuais algunha vez na súa vida segundo un estudo realizado a nivel mundial polas Nacións Unidas.

No ano 2025 renovouse o convenio de colaboración coa Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) para o mantemento do servizo Dedaleira, un servizo especializado en información e asesoramento afectivo-sexual para mulleres con discapacidade e a súa contorna.

Este servizo ofrece información e asesoramento afectivo-sexual dirixido a persoas con discapacidade, e inclúe tanto asesoramento individualizado como actividades de formación grupal. Tamén proporciona acompañamento e atención a aquelas persoas que sufriron ou están a sufrir situacións de abusos, ademais de promover a autonomía afectivo-sexual das persoas con discapacidade e a súa contorna (familiares, amizades, profesionais, institucións, etc.). Dentro deste servizo, inclúese unha unidade específica para a detección e identificación de situacións que atenten contra a liberdade e a indemnidade sexual: QUERELAR.

No ano 2025, un total de **296 persoas** beneficiáronse das actuacións realizadas ao abeiro deste programa, das cales 174 foron mulleres e 122 homes, e realizáronse un total de **146 actividades**.

ATENCIÓN Á EXPLOTACIÓN SEXUAL E Á TRATA

O obxectivo dos recursos, servizos e accións recollidos neste apartado é a intervención integral en situacións de explotación:

Prevención e sensibilización

- **Accións de información, prevención e sensibilización sobre violencia sexual, trata con fins de explotación sexual e explotación sexual, así como apoio ás vítimas, especialmente mulleres inmigrantes, en colaboración coa Rede Galega contra a Trata.**

A finalidade principal destas accións é contribuír á transmisión de valores igualitarios e á ruptura de estereotipos de xénero, fundamentalmente entre as mulleres inmigrantes, así como accións de información, a través de todas as vías que favorezan o coñecemento dos recursos e servizos existentes para a atención ás vítimas da violencia sexual, trata con fins de explotación sexual e explotación sexual, realizando a máxima difusión destes entre a poboación inmigrante, así como prestarlles apoio directo ás vítimas.

Están enfocadas en proporcionarlles ás vítimas ferramentas que favorezan o seu desenvolvemento nos ámbitos social, laboral e económico. Ademais,

a Rede Galega contra a Trata tamén ofrece programas específicos de atención integral, que inclúen acollida, axuda psicolóxica, asesoramento xurídico e asistencia directa.

Das accións levadas a cabo por 12 entidades da Rede Galega contra a Trata, destácanse os seguintes datos:

- Desenvolvéronse 90 accións de sensibilización e información fronte á prostitución e a trata con fins de explotación sexual como formas de violencia contra as mulleres.
- 3847 participantes nas accións de sensibilización e información fronte á prostitución e a trata con fins de explotación sexual como formas de violencia contra as mulleres.
- 71 445 visualizacións nas redes sociais das accións de sensibilización e información desenvolvidas neste ámbito.

Ademais, tamén se realizou a "XIV Xornada da Rede Galega contra a Trata Sexual", que tivo lugar o 17 de outubro, baixo o tema "A vítima de trata e/ou explotación sexual no proceso xudicial". O público obxectivo desta xornada foron os profesionais que participan en algún momento na atención ás mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual para xerar un espazo de reflexión e debate centrado na situación da vítima no proceso xudicial. O acto tivo lugar na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña (UDC).

Atención integral

- Programa de atención integral para mulleres vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual

Trátase de prestar atención social integral a persoas en situación de explotación sexual, principalmente inmigrantes e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral na Comunidade Autónoma de Galicia. O obxectivo é apoiar a recuperación e a integración social e laboral destas persoas. A través da colaboración con ONG especializadas, desenvolvéronse accións de asesoramento social e apoio directo nas relacións coas distintas entidades, organismos e servizos para a realización de trámites administrativos de diversa índole. O programa tamén inclúe atención psicolóxica, asesoramento xurídico, orientación laboral e apoio no traballo de rúa.

Neste marco, no ano 2025, o programa **atendeu un total de 576 persoas**.

Persoas participantes por provincia de residencia	
Provincia	N.º de participantes
A Coruña	226
Lugo	143
Ourense	102
Pontevedra	105
Total	576

Recursos residenciais

- Convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro para o mantemento de tres dispositivos destinados á atención integral a mulleres vítimas de explotación sexual e trata

No ámbito da Rede Galega de Acollemento, no ano 2025 renováronse os convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro para o mantemento de tres **dispositivos de acollida** para vítimas de trata e explotación sexual (pisos de Cáritas Santiago, Cáritas OU e Aliad Ultreia).

A vulnerabilidade das mulleres vítimas de explotación sexual (situación de persoas explotadas e rexeitamento social que soportan, dificultades do idioma, medo, situación de inmigración ilegal) ponse especialmente de manifesto cando as mulleres deciden rachar coa situación de explotación na que se atopan.

No ano 2025 fixeron uso destes recursos un total de **28 mulleres e 5 menores** (2 nenas e 3 nenos). Respecto aos datos das mulleres usuarias, 27 mulleres tiñan nacionalidade estranxeira e só 1 muller era española.

Apoio económico

- Prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero.

A finalidade destas axudas é proporcionarlles apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero para tentar garantirlles unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor, ou da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación para os casos das mulleres vítimas de trata con fin de explotación sexual e/ou explotación sexual, e mais a tentar axudalas a romper coa situación de violencia, dominación e/ou explotación, que lles posibilita dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación na que corren perigo.

N.º vítimas trata beneficiarias da prestación periódica no ano 2025: 17

N.º vítimas explotación sexual beneficiarias da prestación periódica no ano 2025: 4

RECURSOS XUDICIAIS, FORENSES E DE APOIO AO PROCEDEMENTO

O obxectivo dos recursos, servizos e accións recollidos neste apartado é garantir o acceso das vítimas á xustiza e reducir a revitimización:

Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga)

O Instituto de Medicina Legal de Galicia é un órgano da Administración de xustiza en Galicia, que ten por misión prestarlles asistencia técnica aos tribunais, fiscalías e xulgados en materia de medicina forense. Esta organización, integrada por médicos/as forenses e persoal técnico e auxiliar, ten a súa sede en Santiago de Compostela e centros de traballo situados, ademais de nesta cidade, na Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.



As funcións que desenvolve son:

- A investigación médico legal en todos os casos de morte violenta ou sospeitosa de criminalidade.
- A intervención no control periódico da evolución dos/as lesionados/as e a valoración dos danos corporais que sexan obxecto de actuacións procesuais.
- A asistencia e vixilancia facultativa das persoas detidas.
- O estudo e a emisión dos informes que lle sexan requiridos polas autoridades xudiciais e fiscais en todos os aspectos médico legais.
- A emisión de informes previstos na normativa sobre o Rexistro Civil (sobre a idade ou sobre o sexo das persoas implicadas en expedientes gubernativos, sobre a causa da morte etc.).
- A formación e especialización dos/as médicos/as forenses e do persoal técnico do Instituto.

O Real decreto 144/2023 recolle o novo regulamento dos institutos de medicina legal, no que se inclúen as novas Unidades de Valoración Forense Integral (UVFI), unidades funcionais conformadas por profesionais da medicina, da psicoloxía e do traballo social forense cuxo fin é o de construír un sistema probatorio de calidade nos casos de violencia de xénero, que se basee na visión multidisciplinar dos profesionais que o conforman á hora de abordar a avaliación da vítima, do agresor, da contorna e das circunstancias, para así facilitarlle a máxima información ao xulgador no seu labor de resolver as cuestións penais e civís relacionadas cos feitos obxecto do procedemento.

Así, na asistencia por parte do IMELGA nos casos de violencia sexual, pode verse unha diminución das atencións das solicitudes, pasando de aproximadamente 540 no 2024 a 475 intervencións no 2025. Porén, esta baixada debe interpretarse con cautela, xa que os datos seguen situándose moi por riba de todos os anos anteriores a 2024: o volume continúa sendo máis do dobre do

rexistrado en 2019 e a caída porcentual, próxima ao 12-13 %, non altera a tendencia estrutural de incremento observada no período completo.



Ao tratarse dunha actuación de garda, a vítima sempre ten á súa disposición un/ha médico/a forense, os 365 días ao ano, 7 días á semana e 24 horas ao día, que acode inmediatamente para a súa asistencia ao servizo de urxencias hospitalarias do hospital de referencia do servizo público de saúde.

Ademais, no 2025 desenvóléronse as seguintes actuacións:

- Plan de asistencia a vítimas vulnerables do IMELGA: Ao longo do ano 2025 desenvolveuse a creación do Plan de asistencia a vítimas vulnerables, entre as que se encontran as actuacións sobre as vítimas de violencia sexual.

Ten unha dobre finalidade:

- dar a coñecer as actuacións da entidade neste ámbito ao resto dos operadores xurídicos, dispoñible para eles na intranet de xustiza.
- adoptar as medidas necesarias trala entrada en vigor das novas lexislativas das seccións comarcalizadas de violencia sobre a muller en Santiago de Compostela e Ourense.
- Xeoreferenciación de datos: Por segundo ano consecutivo aplícase a xeoreferenciación dos datos para poder aportar un mapa da distribución da violencia sexual segundo os partidos xudiciais de orixe dos feitos.
- Divulgación e sensibilización: Outra labor importante asociada a pericial neste ámbito é a divulgación, sensibilización e formación doutros profesionais, compartindo os seus coñecementos tanto con carácter técnico e científico.

Os membros das Unidades de Valoración Forense Integral participaron nas seguintes actividades ao longo do 2025:

- Legalidade e realidade-IV Xornadas da Muller (Mos 2-3 de abril).
- Xornadas de atención á vítimas de trata e/ou explotación sexual desde a detección ao fin do procedemento xudicial - A vítima no centro- (A Coruña 16-17 de outubro)
- Colaboración co SERGAS ao través do ACIS coa formación: “Actuación ante unha agresión sexual nos servizos de urxencias” impartida nas áreas sanitarias: Ourense (24/04/25), Lugo (28/04/25), A Coruña (19/05/25), Pontevedra (20/05/25) e Ferrol (21/05/25).

GLOSARIO

- **Acoso sexual:** condutas consistentes na solicitude de favores de natureza sexual, para si ou para unha terceira persoa, nas que o suxeito activo se prevale dunha situación de superioridade laboral, docente ou análoga, co anuncio expreso ou tácito á muller de causarlle un mal relacionado coas expectativas que a vítima teña no ámbito da devandita relación, ou baixo a promesa dunha recompensa ou dun premio no ámbito desta.
- **Agresión sexual e abuso sexual:** conductas que atenten contra a liberdade sexual sen o consentimento da outra persoa: actos de contido sexual que se realicen empregando violencia, intimidación ou abuso dunha situación de superioridade ou de vulnerabilidade da vítima, así como os que se executen sobre persoas que se atopen privadas de sentido ou de cuxa situación mental se abusara e os que se realicen cando a vítima teña anulada por calquera causa a súa vontade.
- **Detención:** supón a lectura de dereitos da persoa física, privándolle de liberdade e poñéndoo a disposición xudicial, por atribuírle a comisión dunha infracción penal.
- **Feitos coñecidos:** conxunto de infraccións penais, que foron coñecidas polas distintas Forzas e Corps de Seguridade, ben por medio de denuncia interposta ou por actuación policial realizada motu proprio (labor preventiva ou de investigación).
- **Grooming, ciberengado de menores, engano pederasta:** práctica na que un adulto faise pasar por una persoa menor de idade en Internet ou intenta establecer un contacto con nenos e nenas e adolescentes que dea pe a unha relación de confianza, pasando despois ao control emocional e, finalmente á chantaxe con fins sexuais.
- **Investigado:** persoa física ou xurídica á que se atribúa a participación nun feito penal. Non se adoptan medidas restritivas de liberdade para esa persoa imputada.
- **Violencias sexuais:** actos de natureza sexual non consentidos ou que condicionan o libre desenvolvemento da vida sexual en calquera ámbito público ou privado, o que inclúe a agresión sexual, o acoso sexual e a explotación da prostitución allea, así como todos os demais delitos previstos no Título VIII do Libro II da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, orientados especificamente a protexer a persoas menores de idade; o que comprende a difusión de actos de violencia sexual a través de medios tecnolóxicos, a pornografía non consentida e a extorsión sexual.
- **Vitimización:** número de feitos denunciados por persoas nos cales manifestan ser vítimas ou prexudicadas por algunha infracción penal. Diferénciase do concepto de «víctima», xa que este refírese a persoas individuais.

BIBLIOGRAFÍA E FONTES UTILIZADAS

- **Balance de Criminalidad. Trimestres 2025.** Dirección General de Coordinación y Estudios. Secretaría de Estado de Seguridad. Ministerio del Interior.
- **Portal Estadístico de Criminalidad.** Ministerio del Interior.
<https://estadisticasdecriminalidad.ses.mir.es/>
- **Informe sobre delitos contra la libertad sexual en España. 2024:** Dirección General de Coordinación y Estudios. Secretaría de Estado de Seguridad. Ministerio del Interior.